

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal
EDICTO.

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 21 de decembro de 2012, de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada para os efectos da súa entrada en vigor.

Modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, publicada no BOP da Coruña núm. 155, do 16.08.2011 e modificación publicada no BOP 153, do 13.08.2012, nos seguintes termos:

1.1.- Se modifican as tarifas 1, 2, 3, 4 e 5 apartados A e B, do apartado 2 do artigo 5º que pasan a ter a seguinte redacción:

1. COTA DE ENTRADA (MATRÍCULA):

Se engade o seguinte apartado:

-. Desempregados: Non pagan matrícula.

2. ABONADOS:

Se engade un novo apartado coa seguinte redacción:

-. Dentro dos colectivos desfavorecidos, se establece un novo subapartado:

-. Desempregados: 10 euros/mes, para o acceso e uso da instalación en horario de mañán de luns a domingo. Deberán acreditar mensualmente ante o concesionario non ter causado baixa nos servizos correspondentes dos servizos de emprego competentes.

3. NON ABONADOS:

Se modifica o primeiro apartado que se substitúe polo seguinte:

-. Entrada individual adulto piscina: 5,50 euros, que inclúe os servizos de piscina, ximnasio e reserva padel.

4. PADEL.

O apartado 4.1. se substitúe polo seguinte texto:

4.1. Sesión de pádel: Cota abonados reserva pádel: 2,24 euros/hora durante todo o día.

Os abonados nas modalidades individual, familiar e reducido o social disporán de 4 reservas individuais gratuítas de pádel ao mes.

5. ACTIVIDADES ACUÁTICAS:

O apartado A se modifica nos seguintes termos:

A-. CURSOS DE NATACIÓN PISCINA (pago suplemento mes por unha sesión á semana):

-. Iniciación: 6,48 euros.

-. Perfeccionamento: 6,48 euros.

O apartado B se modifica nos seguintes termos:

B-. CURSOS DE NATACIÓN BEBÉS: 8,27 euros/mes, unha sesión á semana.

1.2.- Se modifica deixándoo sen contido o artigo 6 da ordenanza.

Brión, 7 de febreiro de 2013.

O Alcalde.

Asd. José Luis García García.

2013/1621